



Deputación  
DA CORUÑA

Nº 94  
19/06/2019

# Boletín de Medio Ambiente



Na parroquia de Filgueira de Barranca, concello de Oza-Cesuras, na Coruña, atópanse **catro fervenzas do río Mendo**, nunha contorna de bosque animado. Pertence á Reserva Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A época ideal para visitalas é a primavera, cando o río leva suficiente caudal para gozar do espectáculo e tamén se poden visitar no outono, despois das primeiras choivas, para observar as cores do precioso bosque galego.

Fonte: Galicia Máxima

## Noticias

### Día Mundial de Loita contra a Desertificación, 17 de xuño

**A desertificación é a degradación da terra nas zonas áridas, semiáridas e subhúmedas secas.** Está causada fundamentalmente pola actividade humana e as variacións climáticas.

A desertificación débese á vulnerabilidade dos ecosistemas de zonas secas, que cobren un terzo da superficie do planeta, á sobreexplotación e o uso inadecuado da terra. A pobreza, a inestabilidade política, a deforestación, o sobrepastoreo e as malas prácticas de rega afectan negativamente á produtividade do chan.

**Cada 17 de xuño celebramos o Día Mundial para Combater a Desertificación e a Seca** co fin de concienciar acerca das iniciativas internacionais para combater estes fenómenos.

Fonte: Naciones Unidas

### A erosión e a desertificación en Galiza, un problema de primeira magnitude

ADEGA chama a atención sobre a necesidade de adoptar medidas urxentes e efectivas contra esta problemática, da que Galiza non está exenta. **No territorio galego pérdense anualmente preto de 42 millóns de toneladas de solo debido á erosión.** Segundo o Inventario Nacional de Erosión de Solos (INES), na Galiza pérdense cada ano un total de 14,5 toneladas por hectáreas de solo debido a procesos erosivos, afectando a unhas 2.880.817 hectáreas. Esta superficie fai un computo total de 41.695.509 toneladas de solo erosionado anualmente no país.

A súa vez, ante o actual contexto de cambio climático, **o 12% do territorio galego sofre risco de desertificación** causado por estes procesos erosivos.

Fonte: ADEGA



## A política medioambiental nos concellos, a debate na xornada organizada pola cátedra de Dereito Local da UDC: “Os Concellos galegos ante o desafío da sustentabilidade ambiental”

A crecente preocupación pola protección ambiental constitúe uno dos obxectivos máis relevantes das Administracións Locais, na medida en que moitas das súas competencias oriéntanse á devantida tarefa, en campos tan diversos como a xestión das augas e dos residuos, a protección do patrimonio forestal, a preservación da biodiversidade, etc.

Aínda que hai que tener en conta as competencias concorrentes do resto das Administracións territoriais (a Administración Xeral do Estado e a Administración Autónoma), as Administracións Locais están chamadas a desempeñar labores insubstituíbles na procura da sustentabilidade ambiental.

Con esta Xornada se trata de poñer de relevo algúns dos asuntos máis comúns en la xestión ambiental das entidades locais e, no seu caso, debater posibles actuacións para á sua solución ou mellora.

Venres, 21 de xuño de 2019 (inicio ás 10:30)  
Salón de Grados da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña

Entrada Libre

Máis información

## Galicia converterase en 2020 nun referente na prevención e reutilización dos refugallos grazas a nova Lei de residuos

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda salientou que a **futura norma** é un texto que marca obxectivos claros, como **reducir nun 15% os residuos dende hoxe ata o 2025**.

A redución do desperdicio alimentario e das bolsas de plástico serán outras dúas eivas nas que se centrarán os esforzos do Goberno galego, co fin de acadar canto antes as metas que fixa Europa

Fonte: Xunta de Galicia

## Os hortos urbanos como vixiantes da contaminación

Investigadores da Universidade Politécnica de Madrid, en colaboración coa Universidade de Copenhague, avaliaron o uso de plantas comestibles para a biomonitorización da contaminación atmosférica. O estudo realizouse na cidade de Copenhague e indica que as especies seleccionadas poderían utilizarse como bioindicadores, ao reflectir os niveis de contaminación atmosférica da contorna.

Para determinar os niveis de calidade do aire adóitanse empregar equipos e técnicas físico-químicas que son complexos de operar e unicamente proporcionan medidas puntuais. Un equipo de científicos liderado pola Universidade Politécnica de Madrid (UPM) no que participaron investigadores da Universidade de Copenhague desenvolveu un novo método, baseado na **monitorización pasiva con vexetación nas cidades**, que permite obter datos de forma simple, económica e que integra todos os factores ambientais de exposición cunha ampla resolución espacial e temporal. Desta forma, **os hortos urbanos, ademais de proporcionar alimentos, poderían integrarse na rede de vixilancia e control da calidade do aire**.

Fonte: Snc

## Sabías que...

A **medusa australiana** ten uns 60 tentáculos que poden crecer ata tres metros de longo con millóns de ganchos microscópicos cheos de veneno. Cada unha delas, contén **suficiente veneno para matar entre 60 e 600 persoas**. Unha soa picadura causa necrosis da pel, dor insuportable e, si a dose de veneno é o suficientemente grande, paro cardíaco e morte.

Fonte: Ecoavant



# Mestura informativa

## RECETA ECOLÓXICA: Preparación de diferentes tipos de caldo de verduras

As sopas quentan, alimentan e reconfortan; poucas persoas non senten favorecidas por un tazón de caldo ou sopa. Si ademais están elaboradas con ingredientes de calidade, frescos e reconstituyentes, como **as verduras, os cogomelos, as herbas, as especias, as algas, os rizomas, as bayas, os fermentados etc, unha sópa facilmente pode converterse nun caldo medicinal.** Podemos empregalas en todas as estacións e ao noso gusto: máis espesas, máis lixeiras, máis frías, máis quentes, con coccións máis longas ou máis curtas.... pero si poñemos conciencia no feito de que os ingredientes que utilicemos sexan naturais, frescos, estacionais, cortados de forma regular, utilizando materiais seguros e adecuados para unha cocción óptima e sen sustancias tóxicas, a sopa regalaranos de forma xenerosa un nutrimento inigualable.

Fonte: Ecoticias

## Diez apps para disfrutar y entender la naturaleza este verano

Las vacaciones de verano nos brindan la oportunidad de adentrarnos en la naturaleza, pero es fácil perdernos entre tanta flora, fauna, montañas y estrellas. Incluso si no somos tan urbanitas. Por suerte, son muchas las aplicaciones para móviles que nos ayudan a identificar cuál es ese pájaro que nos sobrevuela o bien nos ayudan a encontrar la ruta correcta.

Hemos realizado una selección de algunas de las diez apps que os pueden ayudar a disfrutar y entender la naturaleza este verano.

Fonte: La Vanguardia

## Inclúe na túa dieta alimentos saciantes

Unha das principais causas de abandono dunha dieta é a dificultade de levala a cabo a longo prazo, e en gran parte débese á falta de saciedade, ou á sensación de fame constante que poden levar á obsesionarnos coa comida, segundo advirte a Fundación Alimentación Saudable. Así, destaca que se sabe que **existen, segundo estudos científicos, alimentos que son altamente saciantes** e que a súa inclusión nunha **dieta ten efectos positivos**, xa que nos permitirán acougar o apetito e non necesitar unha maior cantidade de comida.

En concreto, **os 11 alimentos máis saciantes son:** a pataca cocida; fontes de proteína como peixe, filetes de carne, ovo e algúns legumes como a xudía ou a lentella; cereais integrais; froitos secos crus ou tostados; e catro froitas, a laranxa, o plátano, a mazá e a uva.

Fonte: Ecoticias

## Os segredos para rozar a felicidade

**Hoxe en día témolo todo ao alcance da man, e con todo sentímonos baleiros, desconectados ou, aplatados.** Asumimos como normal o padecer dores e enfermidades e sentímonos cansos, sen enerxía, fatigados, desmotivados.

Un experto enumera os **4 "hábitos fantásticos e saudables"** para reverter da nosa vida eses hábitos sedentarios e faltos da súa saúde e os que el considera "os seus poderes especiais".

**1.- Actividade física:** achega forza física e resistencia....

Fonte: Ecoticias



# Boas Prácticas

## A idea española que pode reducir un 40% o consumo e as emisións dos grandes barcos

O concurso de empresas emerxentes que acompaña ao Movin'On foi o escenario onde se desvelaron as propostas máis rompedoras. Entre elas, a da española **bound4blue**, recoñecida polo xurado como a máis innovadora do ano, que **propón veas ríxidas retráctiles para reducir o consumo e as emisións contaminantes dos grandes cargueiros**.

Segundo esta compañía, fundada por dous estudantes da Universidade Politécnica de Cataluña, permiten **reducir ata un 40% o consumo**, e xa comezaron os plans para instalalas nos dous primeiros navíos, de 40 e 60 metros

Fonte: ABC

## Feliz aniversario do acordo de recuperación do bosque atlántico galego

Voluntarios desenvolveron traballos de mantemento no souto de castiñeiros plántados en 1999 para mellorar as condicións ecolóxicas do monte A Madroa (Vigo). **A recuperación do bosque atlántico galego con especies autóctonas mellorou a biodiversidade, a loita contra o cambio climático e a resiliencia ante incendios**. A Comunidade de Montes de Teis e outras comunidades de montes foron distinguidas pola ONU polas súas boas prácticas para recuperar a biodiversidade.

Tras máis de dúas décadas de traballo, os Comuneiros de Teis demostraron que a súa visión de recuperar o bosque atlántico no monte da Madroa non foi unha quimera.

Fonte: Ecoticias

## Un proxecto busca a 500 voluntarios para axudar a conservar os bosques do Pirineo

A iniciativa, que ofrece **estancias formativas dunha semana**, persegue despertar o interese cara á conservación da natureza e os recursos de mundo rural.

*“Buscamos 500 voluntarios, e xa levamos 300 persoas apuntadas”*, explica Andreu González, director do **Proxecto Boscos de Muntanya**, unha iniciativa sen ánimo de lucro dedicada á **preservación e mellora dos bosques e paisaxes tradicionais do Pirineo catalán**, mediante a organización de estancias de voluntariado.

Fonte: La Vanguardia

## Axenda Ambiental

- 🌿 Il Concurso de fotografía co título: “Somos Reserva da Biosfera”.
- 🌿 Green Alley Awards 2019
- 🌿 Xornada: “Os Concellos galegos ante o desafío da sustentabilidade ambiental”

Deputación da Coruña  
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente  
Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)